



**DON JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO, ALCALDE –PRESIDENTE DESTE
CONCELLO, A TÓDOLOS VECIÑOS DO TÉRMO MUNICIPAL**

INFORMA: Que está aberto o prazo de solicitude para o **PROGRAMA “XUNTOS POLO NADAL 2017”** que convoca a CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL a través da DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE, **destinado a persoas maiores que se atopen soas nas datas de Nadal.**

PRAZAS E DESTINO:

- 120 prazas na **Residencia de Tempo Libre de Panxón (Nigrán - Pontevedra)**

DATAS E SERVIZOS:

- O Programa desenrolarase **dende o 23 de decembro de 2017 ata o 7 de xaneiro de 2018.**
- E comprende: **estancia de 16 días** (15 noites), aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa, actividades de animación sociocultural.
- Posibilidade de desprazamento en autobús dende A Coruña ata a Residencia.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

- 60 anos cumpridos.
- Estar empadroad/a nalgún concello galego.
- Vivir só no seu domicilio e pasar só/a as datas do Nadal.
- Valerse por si mesmo/a e non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa nin trastornos mentais ou condutuais que poidan alterar a convivencia.

As persoas participantes con ingresos inferiores ao IPREM (537,84 €/mes) asistirán de forma gratuíta ao programa, mentres que aquelas con uns ingresos superiores a dito importe contribuirán ao pago da estancia coa achega de 50 €.

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 17 DE NOVEMBRO DE 2017

Para máis información deberán dirixirse aos *SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO*.

O que informo para xeral coñecemento.
Oza-Cesuras